

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 16 DE MARZO DE 2016

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día dezaseis de marzo de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Pronunciamento do Pleno respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 95.2 do ROM, isto motivado na necesidade urxente de remisión da solicitude, proxectos e documentación relativa ao Plan provincial de aforro e investimento (PAI) 2016, que deben estar presentados na Deputación o día 18 de marzo de 2016

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que lle gustaría intervir neste punto para dicir que ao seu grupo municipal o pronunciamento do Pleno respecto da urxencia da convocatoria, parécelle unha tomadura de pelo, porque o Goberno os trae aquí con urxencia para aprobar o Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, así como o Plan de acción social (PAS) 2015, cando o tema do PAI está publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 2, do 5 de xaneiro de 2016.

Pregunta por que pasa isto cando o que lles están traendo son uns proxectos que xa estaban practicamente feitos, como é posible que tarden ata o día 14 para

Intervén o Sr. alcalde para dicirlle que agora trátase de votar o tema da urxencia, despois, cando teñan que tratar os asuntos, o Sr. Rivas poderá dicir e alegar o que desexe. Neste intre o que van votar é a urxencia, e o Sr. Rivas pode votar a prol, en contra ou absterse, pero o que van facer é votar esa urxencia. O de que se trata dunha tomadura de pelo, el entende que o pode dicir despois, que se chegaron tarde, que se non lles deron participación, etc., pero reitera que agora o que van votar é a urxencia deste pleno.

Reitéralle ao voceiro do PP que, en consecuencia, pode votar o que queira, que despois terán a quenda para falar e expresar o que queiran. Polo tanto van votar este punto.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que a ela si lle gustaría que xustificaran a urxencia, aínda que non están en contra de votar.

O Sr. alcalde expón que a urxencia é que eles o día 18 de marzo teñen que presentar toda a documentación, esa é a urxencia que realmente teñen. Non teñen máis prazo para poder facer o pleno extraordinario e chegar nos prazos que establece a Deputación para poder presentalo. Esa é a urxencia pola que convocaron este pleno.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol da urxencia os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito, e abstéñense os seis concelleiros do PP, os dous concelleiros de ACdC-SON e os dous concelleiros do BNG.

O Pleno municipal, por once votos a prol, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 95.2 do ROM.

2. Aprobación, se procede, do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016

Vista a proposta de Alcaldía de data 11 de marzo de 2016, que consta do seguinte teor literal:

“O goberno municipal de Cambre propón ao Pleno da Corporación a aprobación dun paquete de investimentos financiados con cargo ao Plan de aforro e investimento (PAI) 2016.

Unha parte irá destinada a redución de endebedamento e a outra a investimento.

Os criterios de selección para os investimentos baséanse na mellora da accesibilidade á casa consistorial do Concello de Cambre, á dotación de novas instalacións para a mellora dos servizos prestados na urbanización da Barcala, e a mellora e ampliación dos servizos básicos obrigatorios como é o saneamento.

A elección dos proxectos a escoller tivo en conta varios factores: as demandas veciñais, as propostas realizadas polos grupos municipais nos últimos tempos e do goberno municipal.

Para todas estas propostas comprobouse a dispoñibilidade e a titularidade municipal dos terreos. Con estes factores combinouse a necesidade das intervencións coa viabilidade, dando lugar ás propostas que se presentan.

O proxecto que persegue a mellora da accesibilidade á casa consistorial do Concello de Cambre é “Proyecto básico y de ejecución de instalación de ascensor en la casa consistorial de Cambre”. A actuación consiste esencialmente na instalación dun ascensor no edificio destinado a Casa Consistorial do Concello de Cambre para mellorar as condicións de accesibilidade dos traballadores e visitantes.

O proxecto que ten como finalidade á dotación de novas instalacións para a mellora dos servizos prestados na urbanización da Barcala é “Reforma de local comercial para uso de oficinas municipales” que consiste esencialmente na reforma dun local comercial situado na rúa Río Barcés 4, para uso de oficinas municipais na Barcala.

Como plan complementario propónse a obra denominada “Nueva red de saneamiento en la Calle, Pravio, Cambre”, que consiste esencialmente na construción dunha nova rede de augas fecais no lugar da Calle, parroquia de Pravio, e a súa conexión á rede existente.

En base ao punto 2 das bases reguladoras do PAI 2016 solicitaróñense as autorizacións necesarias para a execución dos proxectos, segundo os correspondentes informes urbanísticos.

Así mesmo e en consonancia co mesmo punto 2 das bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 a proposta inclúe destinar unha parte dos fondos á redución do endebedamento 2016, cun importe mínimo que resulta de aplicar ao préstamo provincial asignado a porcentaxe do nivel de endebedamento definido neste punto das bases, sobre un préstamo máximo de 353.923,87 euros da Deputación. O investimento das obras do Plan Principal ascende a 261.764,60 euros, isto supón o 73,96% para investimento e o 26,04% para redución de endebedamento.

Tendo en conta todos estes razoamentos e:

Vista a circular procedente da Excm. Deputación provincial da Coruña, con rexistro de entrada o día 4 de xaneiro de 2016, e número de rexistro 0/4, respecto da elaboración do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016.

Vistos os proxectos elaborados polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito (Proyecto básico y de ejecución de instalación de ascensor en la casa consistorial de Cambre) polo arquitecto Óscar Valcuende Rodríguez (Reforma de local



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

comercial para uso de oficinas municipais) e pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë (Nueva red de saneamiento en la Calle, Pravio, Cambre).

Vistos os informes urbanísticos emitidos polo arquitecto municipal de datas 10 e 11 de marzo de 2016.

Visto o informe do interventor municipal de data 10 de marzo de 2015.

En base ó anterior, propono ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, redución do endebedamento, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Redución de endebedamento:

Achega provincial aplicada á redución de endebedamento	92.159,27 €
SUBTOTAL REDUCIÓN DÉBEDA	92.159,27 €

B) Realización de obras:

DENOMINACIÓN DA OBRA	DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
“PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCION DE INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN LA CASA CONSISTORIAL DE CAMBRE”	39.990,00	0,00	39.990,00
“REFORMA DE LOCAL COMERCIAL PARA USO DE OFICINAS MUNICIPALES”	221.744,60	0,00	221.744,60
TOTAL	261.734,60	0,00	261.734,60

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2016 e que se relaciona nesta táboa.

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS	261.734,60€	0,00 €	261.734,60€
SUBTOTAL REDUCIÓN ENDEBEDAMENTO	92.159,27 €	0,00 €	92.159,27 €
TOTAL	353.923,87 €	0,00 €	353.923,87 €

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúe a obra que a continuación se indica, e aprobar o correspondente proxecto :

Denominación da subministración	Orzamento
“Nueva red de saneamiento en la Calle, Pravio, Cambre”	63.586,35 €
TOTAIS	63.586,35 €

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten solicitadas as autorizacións administrativas que legalmente son necesarias, isto de conformidade co establecido nas Bases nºs 2.1 e 5.3 das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2016), publicadas no BOP nº 196 do 14/10/2015.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para a minoración de débedas ou para o financiamento dos investimentos para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

A Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 14 de marzo de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE, e coa abstención dos dous concelleiros do PP, do concelleiro de ACdC-SON, do concelleiro do BNG, da concelleira de C's, integrante do GM, e do concelleiro non adscrito, ditaminou favorablemente a proposta coas correccións feitas debido a erros materiais no apartado 1, letra C, Resumo, Importe total (353.893,87 € en vez de 353.923,87 €); no apartado 2, título da taboa (obra en vez de subministración); e no apartado 3, data de publicación no BOP (5 de xaneiro de 2016 en vez de 14 de outubro de 2015), quedando redactada do seguinte teor literal:

“1.- Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, redución do endebedamento, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Redución de endebedamento:

Achega provincial aplicada á redución de endebedamento	92.159,27 €
SUBTOTAL REDUCIÓN DÉBEDA	92.159,27 €

B) Realización de obras:

DENOMINACIÓN DA OBRA	DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
“PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCION DE INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN LA CASA CONSISTORIAL DE CAMBRE”	39.990,00	0,00	39.990,00
“REFORMA DE LOCAL COMERCIAL PARA USO DE OFICINAS MUNICIPALES”	221.744,60	0,00	221.744,60
TOTAL	261.734,60	0,00	261.734,60

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2016 e que se relaciona nesta táboa.

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS	261.734,60€	0,00 €	261.734,60€
SUBTOTAL REDUCIÓN ENDEBEDAMENTO	92.159,27 €	0,00 €	92.159,27 €
TOTAL	353.893,87 €	0,00 €	353.893,87 €



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Así pois de conformidade co establecido no artigo 115.1e) do Regulamento Orgánico municipal (ROM), formúlase a seguinte emenda de modificación do ditame favorable emitido pola comisión informativa correspondente ao apartado 1. da proposta de acordos a adoptar, que quedará redactado tal e como se transcribe a continuación.

Dita emenda deberá ser sometida a votación con carácter previo ao ditame emitido pola comisión informativa .

Emenda do apartado 1.

1.- Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do prestamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento:

ENTIDADE FINANCEIRA	NÚMERO/CÓDIGO PRÉSTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO Á MINORACIÓN DA DÉBEDA
BANCO DE SABADELL, S.A.	807488718007	92.189,27 euros
TOTAL		92.189,27 euros

B) Investimentos (obras):

DENOMINACIÓN DA OBRA	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
“PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCION DE INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN LA CASA CONSISTORIAL DE CAMBRE”	39.990,00 €	0,00	39.990,00
“REFORMA DE LOCAL COMERCIAL PARA USO DE OFICINAS MUNICIPALES”	221.744,60 €	0,00	221.744,60
TOTAL	261.734,60 €	0,00	261.734,60

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

C) Resumo da aplicación do préstamo provincial:

SUBTOTALS	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Subtotal redución de endebedamento	92.189,27 €
Subtotal investimentos (obras)	261.734,60€
TOTAL	353.923,87 €

Sometida a votación ordinaria a emenda presentada, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a emenda tal e como foi transcrita.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, expón que neste punto segundo, relativo á aprobación do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, o Goberno trae a pleno uns proxectos para facer, entre

eles, o proxecto básico e de execución da instalación dun ascensor na Casa do Concello, que a eles lles parece estupendo, así como a reforma dun local comercial para uso de oficinas municipais.

Sobre este segundo proxecto xa se dixo nas comisións que o Goberno actual colle un proxecto que xa estaba feito polo anterior Goberno, e tratan de modificalo para adecuar un local que estaba previsto, en principio, para facer un viveiro de empresas, alegando que fai falta reformar ese local para Servizos Sociais, para que a xente que vai a Servizos Sociais teña máis intimidade.

El quere lembrar que cando o PP presentou ese proxecto, e está falando do pleno do mes de abril do ano 2014, precisamente o que hoxe é actual alcalde votou en contra de pagarlle a factura ao consulting de enxeñería que o realizara, por defecto de forma, e agora resulta que van coller ese mesmo proxecto e van levalo a cabo tal e como está, porque eles non teñen datos, nin viron o proxecto para saber se sufriu modificacións.

O actual Goberno alega, como xa dixo, que se vai dedicar a ampliar Servizos Sociais co fin de que a xente que vai alí teña máis intimidade. O departamento onde actualmente está Servizos Sociais na Barcala, sufriu varias modificacións precisamente para facer máis despachos, co cal é posible que agora, despois de ter reformado o local, haxa máis despachos e posiblemente a xente que traballa en Servizos Sociais teña menos intimidade, niso poden estar de acordo. Pero o grupo do PP cre que o que fai falta en Servizos Sociais son traballadores sociais, iso é o que lle falta a Servizos Sociais.

Con todo iso pareceríalles ben que se reformara o local, pero á vista do informe que fai o señor interventor dicindo que para optar a estas axudas da Deputación Provincial ten que haber un orzamento en vigor, e que nese apartado non se está a cumprir, así o di o informe no punto catro das conclusións, que da aprobación ou non dese orzamento dependerá que a operación se axuste ou non a dereito, o seu voto vai ser o que manifestaron nas comisións, abstención.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que o primeiro que quere é pedir desculpas, porque cre que se equivocou xa ao inicio deste pleno, dado que en primeiro lugar o que tiña que facer a exposición do punto era don Juan González Leirós. Se non lles importa, a continuación fará esa exposición que non fixo antes, e pide desculpas de novo por isto.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que a exposición é bastante sinxela. Estes son uns proxectos, sobre todo o do ascensor, historicamente reivindicados. Había un proxecto no que se recollía que o ascensor chegara á terceira planta deste edificio, o que implicaba a súa ampliación, pero non se facía e non se facía, non había orzamento para facelo, e eles consideraron que non podía agardar máis. Cre que todos os grupos comparten que é algo inevitable e, polo tanto, non cabía a discusión neste asunto.

Respecto do caso de Servizos Sociais, tamén hai un par de informes dos traballadores do servizo que atinxen a ese tipo de cuestións. O grupo de goberno considerou que eran dous proxectos esenciais e indiscutibles, apareceu o PAI e pareceulles oportuno incluílos, e para iso están aquí, para propoñer esas actuacións.

A continuación, o Sr. alcalde concédelle a palabra ao voceiro do PP, reiterándolle as súas desculpas.

Don Manuel Rivas Caridad manifesta que erros cométeos todo o mundo, polo tanto as desculpas están aceptadas e nese aspecto non hai ningún problema.

Di que o Sr. Leirós acaba de facer unha afirmación respecto de que hai uns informes das traballadoras de Servizos Sociais, pero eles eses informes non os viron por ningunha parte.

O Sr. alcalde manifesta que non hai ningún problema en facérllelos chegar, pero engade que, de todos os xeitos, este tema non é algo novo, o PP tamén estivo gobernando e non é de agora, é de hai moito tempo. Eles dende o

mes de xaneiro teñen ese informe e non hai ningún problema en facérllelo chegar. É unha demanda histórica dos traballadores de Servizos Sociais en canto ao espazo físico que teñen para atender á xente, que é insuficiente. Ademais teñen un problema co arquivo, xa que non teñen un arquivo para Servizos Sociais.

Reitera que teñen un informe e que se lles fará chegar mañá sen ningún problema, ou incluso hoxe. Se agardan faralles unha copia, non hai ningún tipo de problema con iso, non o sacaron da manga, só faltaría.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que supón que tamén se lle esquecería ao Sr. González Leirós falar de que ademais se inclúe un plan complementario para o saneamento que queda pendente na Calle, en Pravio, simplemente o di para que conste.

En relación con este punto, dicir que como todo nesta vida este tipo de operacións teñen cousas boas e hai unha parte que quere salientar, pero tamén teñen outra serie de aspectos que ela non vai cualificar como negativos, pero que como pouco tamén teñen que facer mención a eles. Explica que isto non é unha subvención, non é unha lotería, é un crédito cunhas características concretas, un crédito sen xuros, con dous anos de carencia e cun prazo de devolución de 10 anos, se non se equivoca.

Dende ACdC-SON non van ser os que avoguen, nunca o fixeron nin o van facer, polo austericidio nin por non endebedarse se iso é beneficioso para o concello, pero non é menos certo que con esta operación están trasladando a devolución dese crédito a dúas vindeiras Corporacións a partir desta. Aínda que iso tampouco lles parece mal, é dicir, todo o que entrañe este tipo de operacións que poidan ser beneficiosas, non están mal, todo o contrario, celebran que se leven a cabo.

O que si tería sido de xustiza é que, sabendo que o Goberno actual é o que compromete este crédito ata o ano 2028, tivera unha mínima deferencia co resto dos membros da Corporación, co fin de que puideran polo menos dar a súa opinión sobre os proxectos que se presentan ao PAI.

Di que agarda tamén que este comentario non fira a sensibilidade de ninguén, porque ultimamente parece ser que as intervencións de ACdC-SON son moi polémicas e moi duras. Di isto no sentido máis cordial, concretamente polas declaracións, o Sr. alcalde sabe a que se refire, unhas declaracións sobre a estratexia de Asemblea Cidadá de Cambre.

Dille ao Sr. alcalde que non hai estratexia, o que intentan é que haxa claridade, procuran que haxa transparencia, apoian as medidas que coidan boas e critican as xestións que cren que merecen unha crítica, pero nin hai estratexia, nin hai dureza. Agora ben, o que tampouco vai haber é condescendencia, nin pasarlle a ninguén a man polo lombo.

A situación é que, sendo claros, nin foron convidados a participar, nin tan sequera a falar, porque utilizaba o Sr. González Leirós a palabra discutir, e non se trata diso. Dicia o voceiro de UxC que non había discusión polo tema do ascensor, e por suposto que non hai discusión, pero o que debe haber é diálogo.

O Goberno presenta un plan principal e outro complementario, cos que poden concordar ou non, e de feito di que concordan, pero a cuestión é que teñen esta proposta, na que, insiste, non participaron, e que está informada desfavorablemente polo interventor por non ter aprobados os orzamentos, e esa é a realidade.

Continúa dicindo que nesa situación xurde unha pregunta, falando desa estratexia. Di que non sabe que pode pensar o Sr. alcalde, ou cal debería ser a actitude de ACdC-SON ante isto. Pregúntase se deben votar a prol de algo no que non participaron, votar a prol de proxectos que non decidiron eles, votar a prol de aprobar un PAI sen orzamentos, porque o Goberno non os ten presentados.

Di que quizais habería que darlle a volta á pregunta, e preguntar que ten que facer este Goberno para que a estratexia da oposición, ou polo menos a de ACdC-SON, que apoiou a súa investidura, cambie. E ao mellor se iso ocorre, esa estratexia cambia, porque esa estratexia en si do que se trata é de falar de fiscalización, de transparencia e de democracia.

Respecto dos proxectos en si, di que non son malos, por suposto que non. Son bos proxectos, e concordan con eles. Pero como non participaron, tampouco poden dicir que estean dando palmas. É dicir, véñenlles impostos e parécenlles bos proxectos. O que ocorre é que non poden votar de xeito contrario, polo que están dicindo, pero tampouco favorable, polo informe contrario de Intervención. Que en marzo non estean aprobados os orzamentos non é consecuencia da actuación de ACdC-SON, é consecuencia, polo motivo que sexa, que xa explicarán cando corresponda, do Goberno que actualmente está en Cambre.

Por todo o anterior, conclúe dicindo que se van abster, para permitir que esta proposta saia adiante.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que a estratexia que poida seguir ou deixe de seguir ACdC-SON é algo que teñen que decidir eles, dende logo que non vai ser el quen a decida, nin moito menos. Eles saben o que teñen que facer, e dende logo el ratifícase, cre que a forma que deron aos plenos gústalle máis a todos, é moito máis cordial, e poden estar de acordo ou non, pero non é a forma agresiva que se levaba antes aos plenos.

Continúa dicindo que non é verdade, ou polo menos el pensa que non é verdade, que teñan un informe en contra do interventor, é un informe condicionado, e está aquí o interventor que o pode dicir. ACdC-SON, dende logo, pode votar a prol ou pode votar en contra. Non se lles deu participación, e recoñéceo publicamente, xa o dixo nas comisións informativas tamén, que foron á présa e correndo e colleunos o touro a última hora, como lles pasou e lles vai pasar, e seguramente lle pasou a anteriores gobernos, no só ao do PP. Nesta ocasión colleunos a eles, e o di así, e non pasa nada, non pasa absolutamente nada, pero tamén é verdade que son dous proxectos que eles entenden que son, como mínimo, indiscutibles, e que estarán todos de acordo en que son necesarios.

Conclúe dicindo que os concelleiros do PP, que pediron o informe, o terán, pero reitera que era un informe sobre unha situación de antes, un informe onde as traballadoras sociais din que xa dende hai anos é necesario. Polo tanto, neste caso non é cuestión de facer política, senón xustiza, e por iso trouxeron estes dous proxectos coa idea sincera de que eran os que tiñan que traer, entre outros moitos, pero que non poden traer todos á vez.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta, en primeiro lugar, que eles están total e absolutamente de acordo cos proxectos que se traen, pensan que está a súa xustificación, sirva a expresión, máis que xustificada. O que si teñen, e o di publicamente, xa que non veu onte ás comisións, vendo un pouco a documentación, e xa di que co ánimo de que isto saia para adiante, si lles gustaría que constara en acta e se puidera explicitar a contía dun dos proxectos, o de reforma de local comercial na Barcala para uso de oficinas municipais.

A el de entrada chamoulle a atención o importe, que é de máis de 200.000 euros, o que non é pouca cousa. Di que logo atopou no informe en parte a explicación, trátase de máis de 530 m². Eles aí si que botan un pouco de menos, en relación co que dicía antes a compañeira de ACdC-SON, máis información no sentido de discernir se eses 530 m² se necesitan integramente para ese destino. É algo que descoñecen, se está fundamentado pareceríalles estupendo, ou senón saber se cabe a posibilidade de que parte desa superficie poida utilizarse o día de mañá para outro tipo de instalacións e de usos municipais, loxicamente de proveito público.

Incluso aquí tamén unha pregunta que lanzan é se é posible que se poida executar a obra por un importe menor, pois non deixan de ser máis de 400 euros/m² de adecuación, saber se iso podería ser posible, tamén lles gustaría sabelo.

E claro, tamén meténdose un pouco no debate que acaban de ter, di que el coincide parcialmente co que dixo Olga no sentido de que igual non se deu toda a participación ou non houbo moita información. Todos saben que están hoxe nun pleno extraordinario, déronse unhas explicacións razoables por parte da presidencia do pleno, e aquí hai unha cuestión tamén, e non o di, porque non é a súa función, nin moito menos, defender un Goberno do que non forma parte, pero si que é función súa defender un papel no pleno, e eles veñen hoxe aquí a un pleno extraordinario a desenvolver, en certa maneira, o seu traballo, que vai ser, como asistencia, remunerado, e claro, non é exactamente o Goberno quen compromete o gasto para os dous próximos mandatos, é precisamente o Pleno quen compromete ese gasto, por iso están aquí. Isto é algo que lanza á opinión pública, e que din dende o propio Bloque, quizais se non estiveran moi de acordo con esta cuestión, pois o seu traballo tería sido traer outro proxecto, ou outras ideas, ou tombar este proxecto se foran consecuentes coas súas ideas.

Xa di que eles en xeral están minimamente de acordo con estes proxectos. Están de acordo tamén, dadas as circunstancias, en como se trae isto a pleno, e vanse abster para facilitar que o tema saia adiante.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que nesos 500 m² a idea é, onde está o paso que divide este local do lugar por onde se entra para o Rexistro da Barcala, facer unha entrada por aí. É o que se está barallando coa xente de Servizos Sociais, para poder dividir unha parte dentro de todo o que son os 500 m², para poder entrar dende fóra e non ter que ir por Servizos Sociais. Facer unha aula e facer unha sala de reunións para unhas 12 ou 14 persoas, e iso poderíase utilizar independentemente de Servizos Sociais. Esa é un pouco a idea.

Don Daniel Carballada Rodríguez indica que, aínda así, son moitos metros.

O Sr. alcalde di que si, pero que o problema é que en Servizos Sociais neste momento estase atendendo no propio despacho á xente, e non hai sitio suficiente para atender, con todos os papeis e con todo o que iso leva consigo, polos asuntos que levan en Servizos Sociais.

Este proxecto que viña do PP, que así o dixeron nas comisións e volve dicilo agora no pleno publicamente, o recuperaron precisamente para ter eses despachos independentes, para poder atender á xente. É algo que está consensuado coa xente de Servizos Sociais, non é unha idea do actual Goberno, nin unha idea dun arquitecto, é unha idea consensuada directamente coa xente de Servizos Sociais.

Conclúe dicindo que respecto do tema do gasto, supón que haberá baixas.

Don Juan González Leirós aclara que precisamente esa é a idea, e por iso propoñen o proxecto complementario, xa que entenden que as baixas están aproximadamente sobre un 20%, é algo estatístico, quere dicir que pode estar nun 18 ou nun 14%, e de aí vén o terceiro proxecto, que está a expensas, evidentemente, desas baixas, pero que case sempre saen.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo consideran que ambas actuacións son importantes e van representar unha mellora, polo que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que para o seu grupo tamén é un proxecto beneficioso e necesario, aínda que non comparten a celeridade coa que se ten convocado este pleno. Agardan que en adiante isto non se repita, porque a verdade é que é moi pouco tempo para poder preparalo. Aínda así, o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito, manifesta que, tendo en conta a aclaración respecto do informe emitido polo señor interventor que se fixo nas comisións do pasado luns, onde se condiciona, por así dicilo, e onde se lexitima a iniciativa, e abundando no que dixeron os que lle precederon, na



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

necesidade sobre todo de dotar a Servizos Sociais de espazo de habitabilidade e decoro na relación cos usuarios e veciños, o seu voto vai ser favorable á proposta.

Sometida a votación ordinaria a proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de data 14 de marzo de 2016, coa incorporación da emenda de data 15 de marzo de 2016, formulada polo Sr. alcalde e aprobada por unanimidade nesta sesión, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito. Abstéñense os seis concelleiros do PP, os dous concelleiros de ACdC-SON e os dous concelleiros do BNG.

O Pleno municipal, por once votos a prol, acordou:

1.- Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento:

ENTIDADE FINANCEIRA	NÚMERO/CÓDIGO PRÉSTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO Á MINORACIÓN DA DÉBEDA
BANCO DE SABADELL, S.A.	807488718007	92.189,27 euros
TOTAL		92.189,27 euros

B) Investimentos (obras):

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
"PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCION DE INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN LA CASA CONSISTORIAL DE CAMBRE"	39.990,00 €	0,00	39.990,00
"REFORMA DE LOCAL COMERCIAL PARA USO DE OFICINAS MUNICIPALES"	221.744,60 €	0,00	221.744,60
TOTAL	261.734,60 €	0,00	261.734,60

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

C) Resumo da aplicación do préstamo provincial:

SUBTOTAIS	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Subtotal redución de endebedamento	92.189,27 €
Subtotal investimentos (obras)	261.734,60€
TOTAL	353.923,87 €

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúe a obra que a continuación se indica, e aprobar o correspondente proxecto :



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Denominación da obra	Orzamento
"Nueva red de saneamiento en la Calle, Pravio, Cambre"	63.586,35 €
TOTAIS	63.586,35 €

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten solicitadas as autorizacións administrativas que legalmente son necesarias, isto de conformidade co establecido nas Bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, publicadas no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 2, do 5 de xaneiro de 2016.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para a minoración de débedas ou para o financiamento dos investimentos para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Antes de dar paso ao seguinte punto da orde do día, o Sr. alcalde agradece os votos emitidos, e reitera, unha vez máis, as súas desculpas polas présas que tiveron con este proxecto. Di que de verdade no seu ánimo está poder traer as propostas con tempo, para poder estudalas, pero non todo é como a eles lles gustaría que fora.

3. Ratificación, se procede, da Resolución da Alcaldía núm. 357/2016, do 4 de marzo, de corrección do proxecto "Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol Os Pinares. Brexo", incluído no Plan de Acción Social (PAS) 2015

Vista a Resolución de Alcaldía núm. 357/2016, do 4 de marzo, que consta do seguinte teor literal:

"O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria do día 14 de decembro de 2015 acordou, entre outras cuestións, participar no Plan de Acción Social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se inclúe a obra "*Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol "Os Pinares" Brexo*", e aprobar o correspondente proxecto técnico elaborado pola enxeñeira de camiños, Dña. Elena María Urcola Telleira, cun orzamento de execución por contrata de 492.102,54 €.

Coa data 23 de febreiro de 2016, recibese escrito procedente da Excm. Deputación Provincial de "Requirimento ao concello sobre a documentación presentada telematicamente na convocatoria PASSOLICIT/2015 no que se require que se leve a cabo a corrección das deficiencias encontradas no proxecto segundo o informe de supervisión técnica.

Visto o informe emitido por D. Oscar Souto Muiño, enxeñeiro de camiños municipal e xefe da Sección de Servizos, ao que se achega o proxecto corrixido segundo o requirimento de referencia.

Tendo en conta as competencias que corresponden aos alcaldes e aos presidentes das entidades locais en materia de contratación a teor do previsto na Disposición adicional segunda – Normas específicas de contratación nas entidades locais do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e art. 21.1. o) respecto da competencia do alcalde para aprobar os proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no proxecto.

Tendo en conta, non obstante, que o proxecto foi aprobado polo Pleno da Corporación o 14 de decembro de 2015, en uso das atribucións que me son conferidas polos artigos de referencia, **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar o proxecto corrixido correspondente á obra “*Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol “Os Pinares” Brexo*”, elaborado pola enxeñeira de camiños, Dña. Elena María Urcola Telleira, cun orzamento de execución por contrata de 492.102,54 €, incluído no Plan de Acción Social, PAS 2015.

Segundo: Elevar a presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar, para a súa ratificación.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 14 de marzo de 2016, por cinco votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC, aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE e á concelleira de C's, integrante do GM; coa abstención dos dous concelleiros do PP, o concelleiro de ACdC-SON, o concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, expón que, como xa se explicou nas comisións informativas, trátase de completar o proxecto cun plan de seguridade e saúde. Tíñase feito sobre un proxecto básico, e o proxecto esixía un plan complementario, un plan total, polo que se tivo que pedir ese plan á empresa que estaba facendo ese proxecto.

Por outra parte, a Deputación descubriu que para o tema da xestión de residuos había dous orzamentos, un dentro do orzamento xeral e despois, a propia introdución do plan de residuos volvía incorporar un orzamento. Non eran os mesmos e, polo tanto, a Deputación pediu que se sacara da primeira partida, porque non tiña sentido.

Conclúe dicindo que despois había pequenos matices de poñer aquí unha cousa e outra alí, e nada máis. Eran matices de carácter técnico que non tiñan outra consecuencia.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidades dos vinte e un concelleiros que o compoñen, acordou:

Ratificar a Resolución de Alcaldía núm. 357/2016, do 4 de marzo, de corrección do proxecto “*Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol Os Pinares. Brexo*”, incluído no Plan de Acción Social (PAS) 2015.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Mª Luisa de la Red Ampudia